



## Concello de Vilalba

Decreto de S. S<sup>a</sup> a alcaldesa, dona Elba Veleiro Fernández

Expediente núm. 2396/2021

**Asunto: Sometemento CONSULTA PÚBLICA da elaboración da Ordenanza Municipal reguladora do tráfico, mobilidade e seguridade viaria do Concello de Vilalba.**

Vista a providencia inicial da alcaldía para a elaboración da Ordenanza Municipal reguladora do tráfico, mobilidade e seguridade viaria do Concello de Vilalba.

Visto o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas, con carácter previo á elaboración da Ordenanza Municipal reguladora do tráfico, mobilidade e seguridade viaria do Concello de Vilalba.

Visto que, con carácter previo á elaboración deste regulamento, recabarase a opinión dos suxeitos e das organizacións e/ou asociacións máis representativas potencialmente afectados/as pola futura norma acerca de:

- a) *Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*
- b) *A necesidade e a oportunidade da súa aprobación.*
- c) *Os obxectivos da norma.*
- d) *As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.*

En virtude das atribucións que me confire o art. 21.1 da Lei 7/85, reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade coa lexislación que se cita anteriormente,

RESOLVO:

**Primeiro:** Someter a consulta pública, durante un prazo de 10 días (dez días), a contar dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio na web municipal, a elaboración da Ordenanza Municipal reguladora do tráfico, mobilidade e seguridade viaria do Concello de Vilalba, para que a cidadanía, as organizacións e as asociacións que o consideren oportuno, a través de <https://consulta.vilalba.gal/>, poidan achegar as súas opinións acerca dos seguintes aspectos:

- a) *Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.*

Dado que a circulación viaria é hoxe en día inherente ó ser humano, sendo a actividade que máis se prodiga e a que máis vincula á poboación, tanto na súa faceta condutora ou meramente peonil, razón pola que se require unha lexislación concreta e adecuada ás súas especiais circunstancias.

- b) *A necesidade e a oportunidade da súa aprobación.*

Concello de Vilalba

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 6M29YM3RZ5LFPS4HPFASXZHWG | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestiona | Páquina 1 de 2



## Concello de Vilalba

---

*Hoxe en día é necesario regular determinados aspectos sobre utilización privativa ou aproveitamentos especiais da vía pública que, incidentalmente, gardan relación coa regulación do tráfico, a circulación de vehículos e a seguridade viaria, incluíndo así a regulación dos aparcadoiros debido á necesidade da súa regulación por tramos horarios.*

*c) Os obxectivos da norma.*

*O interese en establecer un marco normativo favorable para o fomento e priorización da mobilidade peonil sobre calquera outro tipo de desprazamento, e de regular de facetas específicas que constitúen a idiosincrasia do municipio, atendendo á variedade e pluralidade do seu tecido social, co fin de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns. Ademáis, complementar así a lexislación estatal e autonómica no ámbito local.*

*d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.*

*A solución que se plantexa é a que se recolle na regulación normativa a través desta ordenanza reguladora, que se complementará co Plan de Mobilidade sustentable e eficiente que este Concello está a elaborar, no marco da estratexia da CE para unha economía próspera, moderna, competitiva e neutra dende o punto de vista do clima dende os nosos días e ata o ano 2050.*

**Segundo:** Publicar a presente consulta na web municipal e no Portal de Transparencia.

**Terceiro:** Dar traslado da presente resolución ó Pleno e a Xunta de Goberno Local, na seguinte sesión que celebren, así como ós servizos responsables da súa tramitación.

Mandao e asíno S. S<sup>a</sup> a alcaldesa, do que eu secretaria, Ana M<sup>a</sup> Rubiera Álvarez, dou fe.

---

**Concello de Vilalba**

Plaza de la Constitución, 1, Vilalba. 27800 (Lugo). Tfno. 982510305. Fax: 982511815



Cód. Validación: 6M29YM3RZ5LFPS4HPFASXZHWG | Verificación: <https://vilalba.sedelectronica.es/>  
Documento firmado electrónicamente desde la plataforma esPublico Gestión | Página 2 de 2